



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.


Fichas descritivas



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

**Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino**

**GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela**



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición impresa: 1888-5810

ISSN edición dixital: 1988-8341

<http://www.ibader.org>

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Colabora:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
I N L U D E S



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

9 Bosques.

9260 Soutos

Correspondencias

Paleartic	41.9.
Ramsar	---
IHG	---

Denominación oficial

Inglés	<i>Castanea sativa</i> woods.
Castelán	Bosques de <i>Castanea sativa</i>

Denominación vulgar

Galego	Soutos, castiñeiras.
Castelán	Castañares, sotos.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques supramediterráneos e submediterráneos dominados por *Castanea sativa* e plantacións antigas de crecemento seminatural.

Observacións: as plantacións antigas de castiñeiro (*Castanea sativa*) reciben as acepcións de "souto" ou, máis raramente, "castiñeiras". Non obstante non todas elas cumpren as condicións sinaladas na descrición arriba exposta para poder ser consideradas como representacións do hábitat "9260 Soutos" Para os efectos da selección de lugares de importancia para a conservación deste tipo de hábitat e da avaliación do seu estado de conservación, soamente se consideraron como representativas aquelas masas arboradas nas que o sotobosque tivese unha composición florística máis ou menos próxima á dos bosques considerados como climatófilos nas respectivas áreas, desbotándose aquelas plantacións tradicionais nas que se realiza o laboreo do solo ou, mesmo, a sementeira de cereal baixo a copa das árbores, prácticas usuais na maior parte da provincia de Ourense e, en menor medida, nalgúns áreas do S de Lugo (parte baixa do municipio de Quiroga).

Características diagnósticas do hábitat

Formacións arboradas dominadas por *Castanea sativa* procedentes de bosques manexados dende antigo, nos que se foi favorecendo esta especie, ou directamente de plantacións centenarias.

Características estacionais.

A localización das formacións arboradas procedentes de antigas plantacións de *Castanea sativa* varía notablemente ao longo de Galicia. Nuns casos (metade setentrional) atópanse en áreas de avéseda ocupadas primitivamente por diversos tipos de bosques (reboleiras, carballeiras de *Q. robur*, bosques pluriespecíficos neutro-basófilos, bosques do *Tilio-Acerion*, etc.) sobre solos relativamente profundos de natureza variada, mentres que no cuadrante suroriental tenden a situarse preferentemente en áreas chairas que foron labradas dende tempos remotos. En todo caso, as esixencias bioclimáticas do castiñeiro limitan a distribución deste tipo de hábitat, que está ausente polo xeral dos territorios supratemperados (>850-1.100 m).

Fisionomía e estrutura.

Este hábitat caracterízase polo dominio absoluto do castiñeiro no estrato superior que, soamente nos casos de abandono das prácticas culturais, comparte o dosel con outras especies arbóreas, como pradairos, freixos, cerdeiras bravas, abeleiras e, mesmo, faias. Cando o sotobosque é rozado periodicamente soamente aparecen rebrotes de cepa do castiñeiro no estrato arbustivo, sendo frecuentes no estrato herbáceo especies nemorais tolerantes á luz do sol como *Holcus mollis*, *Stellaria holostea*, *Hedera hibernica*, *Ajuga reptans*, *Linaria triornithophora*, *Melampyrum pratense*, etc., así como diversas especies características de formacións arbustivas (*Rubus* spp. *Pteridium aquilinum*, *Agrostis capillaris*, plántulas de *Erica cinerea*, *E. arborea* ou *Ulex europaeus*).

Variabilidade.

A pesar de presentar un fondo florístico común, os "soutos" mostran certa variabilidade na súa flora herbácea: cando se atopan sobre solos ricos en nutrientes están presentes especies como *Primula acaulis*, *Mercurialis perennis*, *Polystichum setiferum*, *Sanicula europaea* ou *Lilium martagon*, mentres que no sotobosque dos soutos das áreas mesotemperadas inferiores e mesomediterráneas son frecuentes plantas termófilas, como *Ruscus aculeatus*, *Genista falcata* ou *Cistus psilosepalus*. Esta variabilidade florística aconsella o seu tratamento fitosociolóxico como variantes asociadas ás comunidades que potencialmente se atribúen a cada localización particular.

9 Bosques.

9260 Soutos

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Castanea sativa

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Castanea sativa, *Cistus psilosepalus*, *Avenella flexuosa*, *Genista falcata*, *Hedera hibernica*, *Holcus mollis*, *Linaria triornithophora*, *Melampyrum pratense*, *Mercurialis perennis*, *Polystichum setiferum*, *Primula acaulis*, *Pteridium aquilinum*, *Ruscus aculeatus*, *Sanicula europaea*, *Stellaria holostea*, *Viola riviniana*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Narcissus triandrus, *Ruscus aculeatus*.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE QUERCO-FAGETEA

Orde *Fagetalia sylvaticae*

AlianzaTilio-Acerion

As. Luzulo henriquesii-Aceretum pseudoplatani

As. Omphalodo nitidae-Coryletum avellanae

Orde *Quercetalia roboris*

Alianza Quercion pyrenaicae

Subalianza Quercenion pyrenaicae

As. Genisto falcatae-Quercetum pyrenaicae

Subalianza Quercenion robori-pyrenaicae

As. Linario triornithophorae-Quercetum pyrenaicae

As. Lonicero periclymeni-Quercetum pyrenaicae

As. Myrtillo-Quercetum roboris

As. Rusco aculeati-Quercetum roboris

Hábitats asociados ou en contacto

Asociadas aos camiños que percorren o interior dos "soutos", e cara aos seus bordos, atópanse representacións de hábitats herbáceos escio-nitrófilos (6430). Este tipo de hábitat adoita contactar con queirogais secos (4030), xesteiras, piornedos, terreos de cultivo, prados de sega (6510, 6520) e, en menor medida, con biduedos seriais, reboleiras(9230) e bosques de ribeira (91E0*).



Vista interior do Souto de Agüeira (Becerreá).

9 Bosques.

9260 Soutos

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Trátase dun tipo de hábitat de distribución basicamente perimediterránea (España, Portugal, Francia, Italia, Grecia).


Distribución en Galicia

Hábitat frecuente nos territorios mesotemperados e mesomediterráneos, con representacións puntuais dentro do piso supratemperado inferior.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente en diversos espazos de Galicia, principalmente interiores.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


9260 Soutos

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

9260 Soutos

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	ES1120015	Serra do Xistral	Lu
ES1110002	Costa Ártabra	C	ES1120016	Río Cabe	Lu ●
ES1110003	Fragas do Eume	C ●	ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	ES1130001	Baixa Limia	Ou ●
ES1110005	Costa da Morte	C	ES1130002	Macizo Central	Ou ●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	ES1130005	Río Támega	Ou
ES1110009	Costa de Dexo	C	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C	ES1130007	Pena Trevinca	Ou ●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou ●
ES1110013	Xubia-Castro	C	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES1110014	Serra do Careón	C	ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C	ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambre	C	ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu ●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po
ES1120002	Río Eo	Lu ●	ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	ES1140006	Río Tea	Po
ES1120004	A Marronda	Lu ●	ES1140007	Baixo Miño	Po
ES1120005	As Catedrais	Lu	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1120006	Carballido	Lu ●	ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu ●	ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1120008	Monte Faro	Lu	ES1140011	Gándaras de Budiño	Po
ES1120009	Monte Maior	Lu	ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu ●	ES1140013	Serra do Candán	Po ●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	ES1140014	Serra do Cando	Po
ES1120012	Río Landro	Lu ●	ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po ●
ES1120013	Río Ouro	Lu	ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu ●			

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrado	C	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou ●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou ●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	ES0000437	Pena Trevinca	Ou ●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000085	Ribadeo	Lu	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000373	Ría de Foz	Lu	ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	ES0000375	Esteiro do Miño	Po
ES0000374	Ancares	Lu ●			

9 Bosques.

9260 Soutos

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Vista xeral da aldea de Sta. Eufemia (Folgosos do Courel) rodeada polo seu *souto* (hábitat 9230).



Aspecto invernal do interior dun "*souto*" con sotobosque seminatural (hábitat 0230) do oriente galego (As Nogais).

9 Bosques.

9260 Soutos

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Como é sabido, as plantacións tradicionais de castiñeiro no NW Ibérico realizábanse cunha dobre finalidade: obtención de recurso alimenticio (castaña) e madeireiro. Secundariamente, a vexetación do sotobosque era aproveitada como recurso de pasto para o gando menor e, xunto coa follaxe, como broza ("*estrume*" ou "*molime*") destinada para cama do gando. Por último, o castiñeiro é unha excelente planta melífera.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

A ausencia de rebrotes baixos e a presenza de copas que non cobren totalmente o dosel están asociadas ao mantemento das prácticas culturais e, consecuentemente, indican un bo estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

A expansión das enfermidades da "tinta" e o "chancro" afectan moi negativamente á conservación deste tipo de hábitat. O abandono das prácticas culturais propicia a invasión de especies herbáceas, arbustivas e arbóreas propias doutros tipos de formacións vexetais. O exceso de pastoreo e o pisoteo alteran negativamente o grao de naturalidade que manteñen moitas das representacións deste hábitat no seu sotobosque.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dos labores culturais propios deste tipo de masas arboradas (podas de renovación de copas, podas de rebrotes baixos, roza selectiva do sotobosque, enxertado, etc.) e as precaucións fitosanitarias contribúen a manter as representacións deste tipo de hábitat nun aceptable estado de conservación.

Bibliografía

Bellot (1949, 1968), Izco et al. (1990a), Silva-Pando (1990), Gómez Manzaneque (1997), Rodríguez Guitián et al. (1997 a, 1997b), Rodríguez Guitián (2004) e datos propios.

